

## HISTORIA “OFICIAL” DO CONCELLO DE ZAS SEGUNDO AS ACTAS MUNICIPAIS

Por Evaristo Domínguez e X. M<sup>a</sup> Lema

### 2<sup>a</sup> parte.- SÉC. XX (de 1900 a 1931)<sup>1</sup>

#### Rexencia de M<sup>a</sup> Cristina e reinado de Alfonso XIII

- 1901** - Continúa de alcalde **Manuel Montero Torreiro**
- Cómpranse 26 metros cúbicos de pedra (a 4,5 ptas.) destinados ó arranxo de camiños.
  - Sentenza sobre o preito do pío de Vilaestévez: autorízase a condución da auga.
  - Para ser declarado pobre un mozo e librar do servizo militar, tiña que ter un soldo familiar diario inferior a 0,75 pesetas.
- 1902** -Solicítase a "recomposición" do río de Zas ó seu paso por Lamas, seguramente polas frecuentes inundacións desta zona, moi chan, con escaso desnivel.
- 1903** - Colexios electorais en Loroño, Carreira e Artón.
- Créase unha comisión que determine **os camiños máis necesitados de arranxos**. Decídese que un deles fose o de Baio a Fornelos porque: "Se utiliza para carretar arena y madera ya que por la zona trabajan diariamente de **30 a 40 cuadrillas de serradores portugueses**". Isto pódenos dar unha idea da alta porcentaxe de serradores portugueses que había en Galicia a principios do séc. XX.
- 1905** - Búscase terreo para un **campo municipal de demostración agrícola**; non nos consta se se deu atopado ou non. Estamos no comezo dunha época na que se van apreciar certos adiantos na agricultura, grazas, principalmente, á xestión do asociacionismo agrario que florece no campo galego por estes anos, así como ó avance na redención dos foros (algúns labregos poden mercar as terras que traballan, e así poden investir nelas).
- 1906** - **Protesta contra o Concello de Vimianzo** pola venda dun anaco dun campo no lugar de Pazos (aldea dividida entre as parroquias de Vilar-Zas e Tines-Vimianzo). Mándaselle un escrito á Corporación vimiancesa pedíndose o aprazamento da venda antes de fixar os lindes que, despois de comprobados, resulta que cadraban do lado de Zas.

---

<sup>1</sup> Para este apartado e ata o dos anos setenta tamén incluiremos referencias contidas no mecanoscrito “*Bayo en el siglo XX*”, de Francisco Romero Lema [F.R.L.] (1903-1972), erudito baiés que foi anotando de ano en ano ata a súa morte as novidades que se producían na súa vila, que, nalgún caso, tamén se poden estender a todo o concello. Parte destas notas xa se publicaran en X. M<sup>a</sup> Lema: *Historia do C.D. Baio e da Liga da Costa*; Concello de Zas, 1989 (p. 16 e ss.), e remitimos a esta obra a quen queira ampliar información.

- O *Ayuntamiento* de Madrid pide de 5 a 25 ptas. para mercar un álbum que conteña as sinaturas de todos os alcaldes de España, para ofrecerllo ó **rei Alfonso XIII con motivo do seu casamento** coa princesa inglesa Victoria Eugenia de Battenberg. Tras a cerimonia da voda, o cortexo nupcial sufriría un atentado anarquista que custou a vida a varias persoas na Calle Mayor de Madrid. Os reis sairían ilesos.

- Entre as anécdotas locais, salientemos as 75 ptas. de hospital e 25 de viaxe que se lle dan a unha muller do concello que fora trabada por **un can rabioso**.

**1908**

Segundo as investigacións de X. M<sup>a</sup> Rei Lema, nos primeiros días de abril visitou a aldea de Artón (Vilar) **José López Pérez**, presidente do Centro Galego da Habana (Cuba), acompañado do seu pai, José López Núñez, que era nativo deste lugar (López Pérez nacera accidentalmente en Madrid en 1872, pero pasara uns anos da súa infancia na aldea vilaresa coa súa avoa materna).

Os dous viñeran en barco acompañando o cadáver do poeta Manuel Curros Enríquez, finado na capital cubana o 7 de marzo. O barco chegou á Coruña o 1º de abril, e o enterro do poeta na Coruña foi un multitudinario acontecemento social, pois os actos duraron varios días. O día 3 houbo un acto necrolóxico na Casa do Concello coruñés, onde tomaron a palabra, entre outros, Manuel Murguía, Manuel Lugo Freire, Linares Rivas e José López Pérez, que pechou o acto.



LCDO. JOSE LOPEZ PEREZ  
Presidente del Centro Gallego de la Habana

O día 8 de abril *La Voz de Galicia* informaba do “entusiasta recibimiento” que se lles preparaba ó presidente do Centro Galego da Habana e ó seu pai en Artón. Chama a atención que non apareza ningunha referencia a este acontecemento nas actas municipais, pois unha personalidade tan importante o lóxico sería que fose recibido en Zas polo alcalde. Se na Coruña alternara coas máis altas autoridades e persoeiros da cultura, non nos cabe na cabeza que a alcaldía de Zas o ignorase. Polas informacións da prensa parece que a festa só foi en Artón.

⇒ Para máis información: Rei Lema, X. M<sup>a</sup>: “José López Pérez, un soneirán presidente do Centro Galego da Habana” (blog: ‘No herbal azur do ceo’

[file:///G:/ZAS%20\(CONCELLO\)%20-todo-/ZAS%20\(textos%20definitivos%20xa%20publicados%20no%20web\)/VILAR/jose-lopez-perez-un-sonairan-presidente.html](file:///G:/ZAS%20(CONCELLO)%20-todo-/ZAS%20(textos%20definitivos%20xa%20publicados%20no%20web)/VILAR/jose-lopez-perez-un-sonairan-presidente.html)

**1911** - Segundo as notas de Francisco Romero Lema (F.R.L.) contidas en ‘*Bayo en el siglo XX*’, o **primeiro automóbil** que apareceu na estrada de Baio levaba o rótulo “Automóviles Coruñeses” e facía a liña A Coruña-Corcubiión. Era de cor vermella. Esta empresa tiña dous ómnibus: un saía pola mañá da Coruña e o outro de Corcubiión, facendo noite cada un deles no punto de chegada. A liña durou ata 1923 ou 1924. Este automóbil, marca Dion-Bouton, substituíu a anterior liña de coches de cabalos. (F.R.L. → Lema 1989: 18).

- Contra 1911 pasaron por Baio enxeñeiros que estaban facendo o estudo do **ferrocarril A Coruña-Carballo-Corcubiión**. O trazado apartábase bastante da estrada xeral, pois despois de Carballo ía por Cereo, Corcoesto, Cesullas e subía polo Allo cara a Baio. A Guerra europea, que estalou no verán de 1914, frustrou o proxecto do camiño de ferro á costa, pois a compañía que pretendía levalo a cabo era francesa (F.R.L. no folleto *Fiestas de Bayo* 1971).


- O chamado **Ferrocarril dos Tres Ces** seguiría sendo unha reclamación constante por parte de empresarios e personalidades das vilas da Costa da Morte nos anos sucesivos, pois era o mellor medio de comunicación que había daquela para todo este illado territorio occidental. En 1921 retomou o tema o banqueiro corcubionés José Miñones Bernárdez, quen publicou artigos na revista *Nerio* de Corcubiión e na prensa coruñesa. O proxecto non saíu adiante malia os esforzos do banqueiro e empresario de Corcubiión. O seu aleivoso fusilamento polos sublevados en 1936 deixaron definitivamente o tren da Costa no esquecemento.



Un dos primeiros automóviles da estrada A Coruña-Corcubiión, principios séc. XX (Foto Vidal)

**1912** - Empézasase a notar certa **entrada tímida na era da agricultura moderna**. Consta nas actas municipais o acordo de enviar un comisionado á Coruña para recibir unha mostra de **abonos químicos**.

- F. Romero Lema rexistra nesta parroquia unha **máquina trilladora** contra 1911, e uns anos despois (1915-16) un **arado de ferro** (de vertedeira) adquirido por Antonio Martínez Prego (natural de Monelos-A Coruña, que mercara en Baio unhas leiras, xunto coa fábrica de madeiras de Ramón Varela e uns miñóns). Non obstante, por tradición oral consta que o primeiro arado de ferro do concello de Zas mercáralo o Mouzo de Lamas. Establécese en Baio o taller pirotécnico de Constantino Tasende. Nesta vila o **oficio de fogueteiro** viña de lonxe, pois desde finais do séc. XIX xa existían os obradoiros de Gambino e de Ramón Reimúndez (*o fogueiteiro* por antonomasia).



O ferrocarril dos 3 Ces (segundo Pepe Miñones, revista "Nerio"), 1921

**1913** Na **estrada de Santiago**, o coche de cabalos (que se chamaba “o coche de Rivadulla”) foi substituído por un automóbil de cor amarela que tiña por nome ‘El Noroeste’, da marca Hispano-Suíza. Poucos meses despois un auto azul rotulado ‘La Amistad’ fíxolle competencia pola mesma liña, e, en consecuencia, os prezos eran baratísimos. Facían a liña Santiago-Vimianzo. Na Cacharosa tamén recollían viaxeiros das aldeas comprendidos entre Baio e Carballo, pois daquela aínda non existía a estrada desde esta vila a Compostela. (F.R.L. → Lema 1989: 18)

## **1914-1918 Guerra Europea (despois chamada Primeira Guerra mundial)**

**1914** O primeiro camión que se viu pola comarca foi o de Manuel Porteiro, da Agualada. Daquela os camións eran moi escasos, e aínda seguiron traballando os carreteiros coas chamadas “zorras”, que eran carros de forma rectangular, máis longos que anchos, de catro rodas, tirados por grandes bois. (F.R.L. → Lema 1989: 18)

- Búscase local para os topógrafos que levantaron o Mapa Topográfico Nacional da zona, e págase a súa pensión, a razón de 0,50 ptas. Por persoa e día.

- Cómprase para a oficina da Casa do Concello a primeira máquina de escribir, por un importe de mil pesetas.

- Declaración en Baio e Zas de “casco, radio e extrarradio”.

- O 18 de decembro **morre o alcalde Manuel Montero Torreiro**, que gobernara Zas durante vinte anos (ou máis): alcalde desde 1894, pero secretario desde 1880 (xa falamos do poder que tiñan os secretarios). Organízanse solemnes cerimoniais fúnebres para o seu enterro, e consta que os cregos que asistiron **non quixeron cobrar nada** pola súa participación.

**1915** Alcalde: **Maximino Montero Barreiro (1<sup>a</sup> etapa: 1915-1923)**

- O ministro de Gobernación nomea **novo alcalde de Zas a Maximino Montero Barreiro**, fillo do anterior, quen co tempo ha de superar a marca de seu pai á fronte do goberno municipal, nada menos que **44 anos e 10 meses**, en tres etapas: a primeira de 1915 a 1923 (8 anos e 8 meses), a segunda de 1931 a 1936 (5 anos), e a terceira de 1936 a 1968 (31 anos e 2 meses). Xa como alcalde, xa na primeira liña da oposición, Montero Barreiro estivo presente na vida municipal de Zas durante máis de medio século: **53 anos** (de 1915 a 1968).

**1916** - Importante **incendio no lugar de Pazos** (Vilar), que ardeu practicamente todo -só se salvaron algunhas casas, da parte correspondente á parroquia de Tines- e vai levar á miseria a varias familias. Seica era un día de moito vento, o lume empezou nunha casa e foi pasando a outras rapidamente; lémbrese que os camiños interiores das aldeas antes estaban estrados con mato (as cañeiras). Os veciños dos lugares da redonda (Vilar, Saconde, Quintáns, Oróns, Cheis, Tines...) acudiron para apagalo. Ábrese unha subscrición popular para axudar

os damnificados, na cal colabora o Concello con 100 ptas. A desgraza aínda quedaba hai uns anos no recordo dalgún dos nosos vellos.

**1916-1917** O **primeiro turismo** que houbo en Baio foi o do avogado Joaquín Álvarez Labarta (1873-1918). Antes había varios coches de cabalos.

**1918** - Nos derradeiros meses do ano prodúcese unha **grave epidemia de gripe** que provoca un total de **215 mortos**. Trátase da chamada “gripe española”, da que se cumpren cen anos no momento en que escribimos, pandemia que afectou a todo o planeta e que seica ocasionou uns 50 millóns de mortos (tres veces máis de baixas que as da I Guerra mundial) [[https://gl.wikipedia.org/wiki/Gripe\\_de\\_1918](https://gl.wikipedia.org/wiki/Gripe_de_1918) (consulta 21.12.2018)]. En Zas notouse de maneira notable, pois cos 215 falecidos deste ano (a maior parte pola gripe) dobrouse a cifra de defuncións, que viña sendo, polo menos desde o 1900 (ou antes incluso) de entre 100 e 120 mortos. En 1918 tamén se reduciu o número de nacementos (181, cando o habitual era que se superasen as dúas centenas), co cal saldo foi de -34 habitantes o único negativo nas tres primeiras décadas. Para o ano seguinte (1919) xa volveu haber saldo positivo: 228 nacementos, 104 defuncións: + 124 hab.

**1919** - Créanse **dous fielatos** para recadar máis cartos. Os fielatos eran oficinas que se instalaban á entrada das vilas de certa importancia para cobrar o imposto de consumos.

- “En su consecuencia se procedió en primer término al nombramiento de la persona que ha de ejercer el cargo de Administrador y de dos fieles, asignándole al primero el sueldo de 1.200 pesetas anuales y de 500 a cada uno de dichos fieles.
- Señalando para la oficina de la Administración y Fielato Central el bajo que habita D. Vicente Muñiz en la parroquia de Bayo y establecer otro fielato en la planta baja de la casa consistorial”.

**1920** - Suprímense os odiados consumos, pero substitúense por outros impostos novos chamados “arbitrios”. Máis do mesmo...

**1920-1922** - O primeiro camión dun veciño de Baio foi o do industrial José Martínez Vázquez, e o primeiro ómnibus o do comerciante de tecidos Ricardo Mira.

**1922** O 20 de agosto fúndase en Buenos Aires (República Arxentina) a “Sociedad Agraria y Cultural Hijos del Partido de Corcubión” (tempo despois denominada “**ABC de Corcubión**”), na que participan emigrantes de Baio liderados por Xosé Collazo, canteiro e poeta; o resto dos emigrantes do concello prefiren fundar, o ano seguinte, unha asociación propia: “Hijos de Zas”.

**1923** O 1º de febreiro nace a asociación “**Hijos del Ayuntamiento de Zas**”, creada por 76 emigrantes do concello de Zas. O seu primeiro presidente foi Francisco Miranda.  
[máis información: Xosé M<sup>a</sup> Rei Lema: “A case centenaria ‘Asociación Hijos de Zas’ (Buenos Aires)”, <http://noherbalazurdoceo.blogspot.com/2016/07/a-case-centenaria-asociacion-hijos-de.html>]

## A ditadura de Primo de Rivera (1923 – 29)

Ante a inquietude revolucionaria crecente e as campañas coloniais no norte de África desfavorables, o xeneral Miguel Primo de Rivera dá un golpe de estado o 13 de setembro de 1923 e toma as rendas do Goberno español, co consentimento do rei Alfonso XIII. Gran parte do país, mesmo elementos progresistas, saudaron con certa esperanza esta decisión, coidando equivocadamente que, entre outras cousas, o ditador ía acabar coa farsa electoral da quenda de partidos liberal-conservador e co caciquismo en xeral. Axiña se desenganaron, pois a ditadura non era para iso, precisamente...

Nesta época ascendera ó poder mediante a violencia o fascismo italiano, despois da Marcha sobre Roma (1922) de Benito Mussolini e dos seus camisas negras fascistas. O rei Vittorio Emanuele III, covardemente, accede a entregarlle o poder. En España, moitos viron no fascismo a forza capaz de solucionar os problemas políticos de maneira resolutive, pasando por enriba da intermediación dos eternos caciques. Mesmo para os movementos agraristas galegos máis concienciados -moi activos de 1910 a 1923- a chegada ó poder do Directorio primorriverista fora un raio de esperanza, e moitos agrarios entraron na “Unión Patriótica”, o partido único do réxime establecido. Aquí rematou practicamente a noutrora interesante actividade política e social do movemento agrarista galego, pois a ditadura só vai permitir os sindicatos agrarios católicos, os da súa corda ultraconservadora.

No período de transición á II República (1930-1931) tomarían o mando José Baña Lois e José M<sup>a</sup> Pose González.

**1923-1930** Alcaldes: **Francisco Moreira** (1923), **José Romero Martínez** (1923-1924), **Francisco Esmorís Pazos** (1924-1930)

- A época do Directorio militar de Primo de Rivera vai ser en Zas moi movida, pois de 1923 a 1931 vai haber **cinco alcaldes**.

- Por causas que descoñecemos, os alcaldes da Ditadura primorriverista botan pouco tempo nos seus cargos: Francisco Moreira tan só está dous meses, pois en novembro de 1923 substitúeo José Romero Martínez (industrial de Baio, pai dos Romero Lema), que repite cargo o 22 de marzo de 1924, pero unicamente bota cinco días neste segundo mandato, pois o día 27 do mesmo mes entra Francisco Esmorís Pazos, que terma do bastón de mando ata febreiro de 1930.

**1923** Maximino Montero Barreiro perde por primeira vez a alcaldía, que pasa a ocupala **Francisco Moreira Varela**, quen manifesta a súa adhesión ó novo réxime militar nos seguintes termos:

- «...tendía a adherirse al nuevo régimen representado por el Directorio Militar, quien abnegadamente se asumió la regencia de los destinos patrios con el que se destierran viejos vicios políticos causa de tener colocada a nuestra querida Patria en un plano inferior cultural y progresivo respecto a las demás nacionalidades europeas y demás mundo civilizado. En vibrantes palabras henchidas de entusiasmo sincero invito a los compañeros de Concejo que si hemos de contribuir a restaurar la Patria, haciendo uso de la ostentación que como representantes del pueblo tenemos, debemos sin el menor miramiento y con la vista fija en el bien general y no en el particular de unos cuantos coadyubar a la obra sagrada de esos

hombres que se encarnan en el Directorio para redimirnos de todo mal (...)».

- Destitúese o secretario do Concello (Emilio Osende Botana) porque seica se inhibía á hora de facer referencia nas actas ós cargos contra el, e ábrese expediente ó ex-alcalde Montero Barreiro. Incáutanse as contas de 1921-22 e de 1922-23. O delegado do Gobernador esíxelle á alcaldía os libros de actas nun prazo de oito días.

### Asociacionismo agrario

- No concello de Zas tamén debeu haber certo **asociacionismo agrario** dos anos vinte. Unha desas agrupacións denominábase *La Nueva Aurora de Soneira*, que contaba con “subsecretarías” en diversas parroquias. O 29.11.1923 a subsecretaría de Brandomil e Brandoñas solicita o arranxo de varios camiños. En decembro de 1923 recíbese un escrito do crego de Lamas e outro do presidente do Sindicato de Loroño solicitando o arranxo de varios camiños. A comezos de 1924 convídase ós sindicatos agrarios a nomear un representante na “Junta Municipal”. Xa na época da República, en 1933, a subsecretaría de Loroño e Castro de *La Nueva Aurora de Soneira* solicita a reparación de camiños. Tanta solicitude xunta para obras en camiños pode ser un indicio do pouco que se ocupaban as anteriores alcaldías por estas obras públicas, e tamén da gana que debía ter a xente de poder solicitar algo sen a intermediación do entramado caciquil.

Repárese, por outra parte, que coa elección do nome da agrupación agraria demostrase a consciencia da pertenza á Terra de Soneira, mesmo por parte das parroquias meridionais de Brandomil e Brandoñas, que xa están no val do río Xallas

**1923-1924** - O automóbil de Marcelino empeza a facerlle a competencia a ‘Automóviles Coruñeses’ no transporte de viaxeiros á Coruña; só durou ata 1927.

- Para Santiago naceu unha nova empresa de transporte de viaxeiros, ‘El Santacombés’; tamén desaparece en 1927. (F.R.L. → Lema 1989: 19)

**1924** - Solicítase un **cuartel da Garda civil**.

- Fíxanse os **cemiterios de animais**: un en cada parroquia.


- Dous boticarios reclaman contra o Concello, que é cualificado por un deles como “*madriguera*” e “*madrigal*” (unha batalla máis da chamada “**guerra das menciñas dos pobres**”, que mantíña permanentemente enfrontados ó Concello cos farmacéuticos).

- Algunhas casas instalan as primeiras cociñas bilbaínas, vulgarmente coñecidas como “cociñas económicas”.

- Por causas que descoñecemos, os alcaldes da Ditadura primorriverista botan pouco tempo nos seus cargos: **Francisco Moreira** tan só está dous meses, pois en novembro de 1923 substitúeo **José Romero Martínez** (pai dos Romero Lema, de Baio), que renova o cargo o 22 de marzo de 1924. Unicamente bota cinco días neste segundo mandato, pois o día 27 do mesmo mes entra **Francisco Esmorís Pazos**, que terma do bastón de mando ata febreiro de 1930.




- 1925**
- Acórdase nomear ó rei Alfonso XIII e á raíña, respectivamente, Alcalde e Alcaldesa de Honra de Zas.
  - Instancia solicitando unha máis xusta distribución da contribución, pois os ricos non declaraban todo o que tiñan.
  - O 13 de maio morre en Barcelona, nun accidente ferroviario, o escritor **Enrique Labarta Pose** (nacido en Baio en 1863).



Enrique Labarta Pose finou en Barcelona en 1925

- 1926**
- Solicítase “el trazado de una **nueva Demarcación Judicial con centro en Vimianzo**, verdadero centro natural de esta zona por su situación topográfica y vías de comunicación”. Corcubión quedaba moi lonxe. O escrito supón tamén un explícito recoñecemento da vila de Vimianzo como **centro comarcal**, superándose así o localismo.
  - Colabórase con 100 ptas. para paliar a catástrofe de Cuba (non sabemos a que catástrofe se fai referencia, pois a da independencia da illa xa fora en 1898).
  - Escrito das Comandancias da Garda civil de Santa Comba e Vimianzo solicitando lugar para unha casa-cuartel. Contéstaselles que non hai locais idóneos.
  - Escrito dunha **empresa eléctrica** ofrecendo a subministración de corrente, e proponendo a instalación da luz pública en Zas, pola que cobraría “5 pesetas mensuales por bombilla de 50 bujías y 2,50 por bombilla de 25 bujías”.

- Por transmisión oral dos vecinos de Gándara sabemos que nos anos 20 funcionou **unha minicentral hidroeléctrica** na ferverza do Rabiñoso e da que se chegou a levar a luz eléctrica para Zas, aínda que por preitos entre os donos da leira e da minicentral ou polo paso do tendido da liña so funcionou una tempada moi breve, coméntase que só de varios meses. Ignoramos se se trata da mesma empresa.
- Entre outras anécdotas, salientemos a dun representante de máquinas de coser *Singer* para dar clases en condicións vantaxosas nos locais da escola Denégaselle a autorización.



Pola zona das ferverzas do Rabiñoso funcionou polos anos 20 unha minicentral hidroeléctrica (foto E. Domínguez)

- 1926** Malia o atraso provocado pola Guerra Europea na industria automobilística, xa se empezan a ver polas estradas -daquela sen asfaltar- camións, camionetas, ómnibus e turismos.
- 1927** - Obviamente non consta nas actas, pero si na prensa da época: *La Voz de Galicia* do 8.9.1927 comentaba o **primeiro ‘derby’ futbolístico** do concello de Zas: o encontro amigable entre os equipos do *Zas F.C.* e o *Soneira C. F.* de Baio. Celebrouse en Baio o primeiro domingo de setembro e venceron os de Zas por 5-1. O cronista destacou os seguintes xogadores: Roberto Robles, Montoto e Romeu polo Zas e Manuel R. polo Soneira baiés (Rei Lema e Lema Suárez: *50 anos da historia do fútbol da Costa*; 2015: 25).
- O Tribunal Supremo emite **sentenza favorable a favor do boticario de Baio**, José Verdes, obrigando ó Concello a admitilo como distribuidor das menciñas ós pobres. Aínda que estaba na Piroga (Bamiro-Vimianzo), na outra banda da ponte, a farmacia de Verdes era coñecida como “a botica de Baio”. Nos anos corenta pasaría a Manuel Astray Carballo.
- As empresas ‘Automóviles Coruñeses’ e ‘El Noroeste’ de transporte de viaxeiros foron substituídas pola empresa ‘Guillén’ de Cee, ó lle ser concedida a exclusiva a esta polo goberno de Primo de Rivera. Os populares ‘*guilléns*’ mantería a liña ata 1949, ano en que pasou a concesión á empresa ‘Finisterre’.

- O 11 de xullo celebrouse en Baio un acto público para **honrar a memoria de Enrique Labarta**. Descubriuse unha placa de mármore que daba o seu nome á praza situada diante da súa casa, no lugar coñecido coma Os Carballos da Botica.



Fronte á casa de Labarta inaugurouse unha praza co seu nome en 1930 (foto X.M<sup>a</sup> Lema)

**1930** Téndese o fío telefónico entre A Coruña e Corcubión. En novembro inaugúrase a **estación de teléfonos** de Baio. Ata o final da ditadura franquista (1975) a vila de Zas só tivo un único teléfono, o da Casa do Concello (que era o n<sup>o</sup> 1 de Baio). Isto indica o nulo interese dos que gobernaban o concello polo progreso dos seus conveciños.



Casa do Concello de Zas, contra 1930 (foto Caamaño)